

**AUTORIZACIÓN DA OCUPACIÓN DA VÍA PÚBLICA PARA A CELEBRACIÓN DE CACHARELAS EN ESPAZOS PÚBLICOS**

<b>Solicitante</b>				
DNI-NIF/NIE		Nome e apelidos/Razón social		
Correo electrónico			Teléfono	
<b>Representante</b>				
DNI-NIF/NIE		Nome e apelidos		Teléfono
<b>Medio de notificación</b>				
<input type="checkbox"/> Por correo postal				
Rúa/....			Núm.	Escaleira
CP	Municipio	Provincia		Planta
			Porta	
<input type="checkbox"/> Por medios electrónicos				
Correo electrónico (no caso de que se actúe a través de representante)				

<b>Datos da actividade</b>				
Lugar exacto da cacharela			Barrio	
Data de celebración		Hora	Capacidade estimada	
Tipo de actividade	<input type="checkbox"/> Cacharela ou sardiñada sen estruturas non permanentes desmontables			
Marcar cun X a que corresponda	<input type="checkbox"/> Cacharela ou sardiñada con estruturas non permanentes desmontables			
	<input type="checkbox"/> Cacharela ou sardiñada con estruturas non permanentes desmontables consistentes en escenarios ou tarimas de superficie igual ou superior a 60 metros cadrados, ou dunha altura superior a 0.50 metros, ou atraccións itinerantes de feira ás que acceda ou ás que se suba o público			
Características do terreo	<input type="checkbox"/> Terra	<input type="checkbox"/> Asfalto	<input type="checkbox"/> Formigón	<input type="checkbox"/> Chapacuñas
	<input type="checkbox"/> Especificar no caso de que sexan outros _____			

<b>Documentación</b>
<p>Este formulario deberá presentarse debidamente cuberto e asinado en todos os seus apartados. O modelo contén unha declaración responsable que asume coa súa sinatura.</p> <p>A documentación que debe achegar xunto coa solicitude aparece recollida nas instrucións para a solicitude e normas de seguridade, convivencia e responsabilidade na celebración de cacharelas/sardiñadas do San Xoán, aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Santiago e publicadas na páxina web municipal.</p> <p>O tipo de actividade que pretenda realizar (só a instalación da fogueira ou outras instalacións desmontables non permanentes) determinarán a documentación que terá que presentar no seu caso, segundo os apartados A, B e C recollidos neste apartado de Documentación.</p>
<p><b>A achegar pola persoa interesada:</b></p> <p><input type="checkbox"/> DNI-NIF/NIE do solicitante</p> <p><input type="checkbox"/> DNI-NIF/NIE do representante, se procede</p> <p><input type="checkbox"/> Acreditación da representación, se procede (marcar no Anexo 1 os documentos achegados)</p> <p><b>A. Cacharela ou sardiñada sen estruturas non permanentes desmontables.</b> A documentación que cómpre presentar é:</p> <p><input type="checkbox"/> Plano de situación do espazo público que se vai ocupar e dos elementos que se van instalar.</p> <p><input type="checkbox"/> Memoria da actividade.</p> <p><input type="checkbox"/> Seguro de responsabilidade civil co capital mínimo asegurado que corresponda e xustificante de pago da prima do período en curso.</p> <p><b>B. Cacharela ou sardiñada con estruturas desmontables non permanentes.</b> A documentación que cómpre presentar é:</p> <p><input type="checkbox"/> A relacionada no apartado A.</p> <p><input type="checkbox"/> Concluída a instalación, e antes da súa posta en funcionamento, deberá presentar a certificación de instalación ou montaxe subscrita por persoal técnico competente.</p>

### Documentación

**C. Cacharela ou sardiñada con estruturas desmontables non permanentes consistentes en escenarios ou tarimas de superficie igual ou superior a 60 metros cadrados, ou dunha altura superior a 0.50 metros, ou atraccións itinerantes de feira ás que acceda ou ás que se suba o público.** A documentación que cómpre presentar é:

- A relacionada no apartado A.
- Proxecto técnico onde se defina en detalle o contido exacto da actividade recreativa, redactado e asinados por persoal técnico competente.
- Documento acreditativo da designación da persoa física ou xurídica que asuma a responsabilidade técnica da execución do proxecto e da montaxe da instalación.
- Certificación que acredite a adecuación do espectáculo público ou actividade recreativa aos requisitos esixibles na normativa vixente.
- Plan de autoprotección e plan de emerxencia cando así o esixa a normativa sectorial de aplicación.
- O marcado CE e a declaración CE de conformidade das instalación que correspondan segundo as súas características.
- Concluída a instalación e antes da súa posta en funcionamento, deberá presentar a certificación de instalación ou montaxe suscrita por persoal técnico competente na que se acredite que as instalacións reúnen as medidas necesarias de seguridade e solidez de todos os seus elementos.
- Se a actividade require realizar unha instalación eléctrica de baixa tensión, será preciso acompañar ademais:
  - Certificados de instalación eléctrica presentados ante o organismo competente da Comunidade Autónoma, que acredite a legalización de todos os circuitos eléctricos que parten da fonte de enerxía ata os receptores, ou documento técnico asinado por persoal cualificado, asumindo a responsabilidade técnica da instalación eléctrica necesaria.
  - No caso de ser necesario un grupo electrógeno como fonte de enerxía illada e temporal: copia da documentación técnica e certificado da declaración CE.

**Non se autorizará ningún enganche á redes eléctricas dos servizos municipais, edificio municipal ou establecementos privados, de ningún tipo de receptor ou instalación que non pertenza á dita rede ou instalación.**

### Declaración responsable

**A persoa solicitante declara, baixo a súa responsabilidade:**

- Que cumpre todos os requisitos establecidos na normativa vixente para o exercicio da actividade
- Que dispón da documentación que así o acredita
- Que a porá a disposición da Administración cando lle sexa requirida
- Que se compromete a manter o cumprimento das anteriores obrigas durante o período de tempo inherente ao dito exercicio
- Que coñece e comprométese a respectar as normas de seguridade, convivencia e responsabilidade que son de obrigada observación e cumprimento por parte das persoas solicitantes da celebración de cacharelas e/ou sardiñadas no municipio de Santiago de Compostela, que se recollen a continuación.

**Normas de seguridade, convivencia e responsabilidade que son de obrigada observación e cumprimento por parte das persoas solicitantes**

As seguintes normas de seguridade e convivencia serán de obrigada observación e cumprimento para as persoas solicitantes:

- Deberanse coidar os arredores.
- Deberase coñecer o número de teléfono dos Bombeiros (080) e o de Emerxencias (112).
- Se o lugar de celebración está en zona urbana, o volume do combustible da cacharela non excederá os 2 metros de diámetro, nin 6 metros de perímetro, nin un metro de altura.
- Se o lugar de celebración está en zona rural, o volume do combustible da cacharela non excederá os 3 metros de diámetro, nin 9 de perímetro, nin 3 metros de altura.
- A separación entre as cacharelas, edificios, árbores, vehículos e mobiliario urbano será como mínimo de 12 metros, agás na zona urbana.
- Porase especial coidado en situar a fogueira afastada das vivendas, vehículos e instalacións e locais nos que se almacenen produtos inflamables. Asemade, non se situarán baixo tendidos eléctricos ou telefónicos, nin preto de masas arbóreas ou zonas vexetais susceptibles de ser queimadas.
- Prohíbese a queima de pneumáticos, plásticos, espumas de poliuretano, aceites, e en xeral de calquera substancia que ao arder desprenda fume tóxico.
- En ningún caso se botarán ao lume recipientes que conteñan líquidos inflamables ou gases a presión (sprays), aínda que estean baleiros.
- No suposto de que a cacharela se faga sobre terreos de uso público enlousados, as persoas organizadoras encargaranse de protexer o pavimento cunha capa de area de 10 cm. A area será proporcionada polo Concello, baixo petición. Para solicitala deberá remitir un correo electrónico ao seguinte enderezo [traficocidadan@santiagodecompostela.gal](mailto:traficocidadan@santiagodecompostela.gal).
- Prohíbese a colocación e exhibición de pancartas que non estean expresamente autorizadas.
- A fogueira permanecerá vixiada polas persoas promotoras e solicitantes ata a súa total extinción, que deberá ser asegurada empapando os restos totalmente con auga e garantirse de que as cinzas queden totalmente apagadas.
- No caso de que se levante vento que poida dificultar a vixilancia e extinción da fogueira, esta deberá suspenderse ou apagarse de inmediato.
- Será obrigatoria a limpeza do espazo autorizado ao remate da actividade, incluídos os elementos utilizados para o seu desenvolvemento, inmediatamente despois de rematar a cacharela e/ou sardiñada.
- A hora límite para rematar a celebración é as 03:30 horas da madrugada, de acordo co disposto no artigo 5.f en relación co artigo 17 da Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.
- Cumprir o establecido na Lei 11/2010, do 17 de decembro, de prevención de consumo de bebidas alcohólicas en menores de idade.
- O desenvolvemento de celebración das cacharelas e sardiñadas cumprirá estas normas e as seguintes ordenanzas municipais de aplicación:
  - Ordenanza municipal de actividades, instalacións e ocupación da vía pública, aprobada polo Pleno da Corporación do 25 de outubro de 2012 (BOP do 18/11/2012).
  - Ordenanza xeral municipal reguladora da emisión e recepción de rúidos, vibracións e condicións dos locais, a respecto da emisión do nivel sonoro.
  - Ordenanza de convivencia, residuos e limpeza viaria, aprobada polo Pleno da Corporación do 28 de decembro de 2006 (BOP do 17/02/2007) modificada polo Pleno do 23 de decembro de 2008 (BOP do 17/04/2009).

En todo o non previsto nestas normas, será de aplicación o disposto na Lei 9/2013, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia, na Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia e no Decreto 226/2022, do 22 de decembro que a desenvolve.

O cumprimento destas normas será verificado polo persoal do Servizo de Extinción de Incendios que, se é o caso, dará conta á Policía Municipal das infraccións. Lémbrese que o número de teléfono do Servizo de Bombeiros é o 080 (só emerxencias) ou o 981 542 444, e o número de emerxencias da Xunta de Galicia é o 112.

**RESPONSABILIDADE DA PERSOA SOLICITANTE**

A persoa solicitante será a responsable dos danos ou perdas a que houbese lugar no caso de que concorrese negligencia ou imprudencia.

De acordo co disposto no artigo 1908 do Código civil, as persoas solicitantes serán responsables en todo caso polos danos causados pola inflamación de substancias explosivas ou fumes excesivos nocivos para as persoas ou propiedades.

**ACEPTACIÓN DESTAS NORMAS POLA PERSOA SOLICITANTE**

A presentación da solicitude de ocupación de vía pública, implica a aceptación por parte das persoas solicitantes destas normas de seguridade, convivencia e responsabilidade.

### NORMATIVA DE APLICACIÓN

A principal normativa de aplicación e observancia para a realización de actividades recreativas ou espectáculos públicos e respecto a estruturas desmontables non permanentes, é a que segue:

- Lei 9/2013, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia
- Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.
- Decreto 226/2022, do 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos da organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e as actividades recreativas e se constitúe o rexistro de empresas e establecementos.
- Decreto 124/2019, do 5 de setembro, polo que se aproba o catálogo de espectáculos públicos, actividades recreativas e establecementos abertos ao público da Comunidade Autónoma de Galicia e se establecen determinadas disposicións xerais de aplicación na materia.
- Decreto 172/2022, do 6 de outubro, polo que se aproba o Catálogo de actividades que deben adoptar medidas de autoprotección e polo que se fixa o contido desas medidas.
- Norma UNE-EN 13814:2006. Maquinaria e estruturas para parques e feiras de atraccións. Seguridade
- Norma UNE-EN 14960:2014. Equipos de xogo inchables. Requisitos de seguridade e métodos de ensaio
- Norma UNE-EN 13782:2016. Estructuras temporais. Carpas. Seguridade
- Norma UNE-EN 13200-6:2013. Instalacións para espectadores. Parte relativa ás gradas temporais desmontables ou normas que as substitúan.

#### Normativa municipal:

- Ordenanza municipal de actividades, instalacións e ocupación da vía pública, aprobada polo Pleno da Corporación do 25 de outubro de 2012 (BOP do 18/11/2012).
- Ordenanza xeral municipal reguladora da emisión e recepción de ruídos, vibracións e condicións dos locais, a respecto da emisión do nivel sonoro.
- Ordenanza de convivencia, residuos e limpeza viaria, aprobada polo Pleno da Corporación do 28 de decembro de 2006 (BOP do 17/02/2007) modificada polo Pleno do 23 de decembro de 2008 (BOP 17/04/2009).
- Normas de seguridade, convivencia e responsabilidade na celebración de cacharelas e sardiñadas no municipio de Santiago de Compostela, aprobadas anualmente pola Xunta de Goberno Local.

**PRESTO O MEU CONSENTIMENTO** para a reutilización polo Concello dos documentos achegados

**NON PRESTO O MEU CONSENTIMENTO** para que os datos ou documentos necesarios para o trámite desta solicitude sexan obtidos mediante consulta a outras administracións

Data da solicitude,

Sinatura

### ANEXO 1: DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DA REPRESENTACIÓN

*En todos os casos é preciso achegar o DNI-NIF/NIE da persoa representada e da representante*

**Para a representación de persoas físicas maiores de idade (sinale o que corresponda)**

- Poder notarial
- Apoderamento outorgado mediante comparecencia
- Outros documentos legais de representación maiores de idade

**Para a representación de persoas con discapacidade (sinale o que corresponda)**

- Resolución xudicial
- Declaración de gardador de feito<sup>1</sup>

**Para a representación de persoas xurídicas (sinale o que corresponda)**

- Escritura pública
- Poder notarial

**Para a representación de herdanzas xacentes, comunidades de bens ou outras entidades sen personalidade xurídica (sinale o que corresponda)**

- Escritura pública
- Poder notarial

**En caso de representación de persoas menores de idade (sinale o que corresponda)**

- Libro de familia
- Resolución xudicial ou administrativa
- Outros documentos legais de representación

(1) Poden presentar solicitudes en nome da persoa con discapacidade